

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

3435 *ORDE APA/326/2007, do 9 de febreiro, pola que se establecen as obrigas dos titulares de explotacións agrícolas e forestais en materia de rexistro da información sobre o uso de produtos fitosanitarios. («BOE» 43, do 19-2-2007.)*

A Directiva 91/414/CEE, do 15 de xullo de 1991, sobre comercialización de produtos fitosanitarios, nos seus artigos 3.3 e 17, establece que os Estados membros adoptarán as medidas necesarias para que os produtos fitosanitarios se utilicen adecuadamente e para que a súa utilización sexa controlada co fin de comprobar que se cumpren os requisitos establecidos.

Esta directiva foi trasposta ao ordenamento xurídico interno polo Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios que, nos seus artigos 33 e 34, establece as disposicións relativas á utilización de produtos fitosanitarios e ás medidas de control, aplicadas polas comunidades autónomas no marco dun programa coordinado de vixilancia da utilización dos ditos produtos, de cuxos resultados se informa anualmente a Comisión Europea en cumprimento do establecido no artigo 17 da dita directiva.

A nova lexislación comunitaria, contida no Regulamento (CE) 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria, e as disposicións que os desenvolven en materia de hixiene dos alimentos e pensos, reforzaron e sistematizaron as obrigas que lles incumben aos operadores da cadea alimentaria para garantir que producen alimentos seguros e saudables.

As explotacións agrícolas, base da produción de alimentos de orixe vexetal, teñen características específicas que deben ser tidas en conta na súa aplicación. Trátase, con carácter xeral, de empresas de pequena dimensión, nas cales o empresario e a súa familia adoitan facer unha parte significativa do traballo, a miúdo a tempo parcial, e que raramente contan con persoal técnico especializado. Ademais, a súa dispersión xeográfica e o desenvolvemento do seu papel de xestores do territorio dificultan o seu acceso aos equipamentos e servizos con que acostuman contar as empresas doutros tramos do sector produtivo.

Estes trazos consideráronse no desenvolvemento da lexislación alimentaria comunitaria que, no ámbito da rastrexabilidade, conforme a interpretación orientativa dada pola Comisión Europea no documento «Orientacións acerca da aplicación dos artigos 11, 12, 16, 17, 18, 19 e 20, do Regulamento (CE) 178/2002 sobre a lexislación alimentaria xeral», aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e a Sanidade Animal, na súa reunión do 20 de decembro de 2004, exíxelles ás explotacións agrícolas o mantemento de información sobre as vendas das súas colleitas, rastrexabilidade cara adiante, o que non representa una exixencia nova porque forma parte tamén das obrigas fiscais de todo agricultor que comercializa produtos agrícolas.

O Regulamento (CE) 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, no seu artigo 4.1, e o Regulamento (CE) 183/2005, do Parlamento Europeo e do Conse-

llo, do 12 de xaneiro de 2005, polo que se fixan os requisitos en materia de hixiene dos pensos, no seu artigo 5.1, establecen disposicións para cuxo cumprimento se require atender ao uso de produtos fitosanitarios e de certos biocidas nas explotacións agrícolas.

Neste contexto, faise necesario concretar as obrigas específicas, establecidas por ambas as disposicións, sobre o rexistro de datos de uso de produtos fitosanitarios e sobre os controis analíticos realizados, que lles incumben aos agricultores, no ámbito da produción primaria, para asegurar o cumprimento da normativa comunitaria en materia de hixiene dos alimentos e pensos.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira primeira do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Na tramitación desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta disposición ten por obxecto establecer os datos que se deben rexistrar como consecuencia da utilización de produtos fitosanitarios e outros praguicidas para a protección das colleitas destinadas a ser consumidas como pensos ou alimentos, incluídas as fases de cultivo, almacenamento e transporte, para cumprimento do requirido polo Regulamento (CE) 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, no seu artigo 4.1, e o Regulamento 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro de 2005, polo que se fixan os requisitos en materia de hixiene dos pensos, no seu artigo 5.1.

Artigo 2. *Suxeitos obrigados.*

Estarán obrigados ao cumprimento do disposto nesta orde os titulares de explotacións agrícolas ou forestais en que se produzan vexetais destinados a seren consumidos como alimentos ou pensos, no sucesivo «agricultores», afectados polas disposicións dos regulamentos (CE) 852/2004 e (CE) 183/2005, os cales terán a consideración de explotacións de empresas alimentarias, tal como se definen no artigo 3 do Regulamento 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria.

A obriga incúmbelles sempre aos agricultores, con independencia de quen realice os tratamentos.

Artigo 3. *Rexistro de datos da explotación.*

1. Os agricultores deberán levar, de forma actualizada, un rexistro de datos da explotación, en soporte papel ou soporte informático, no cal se asentará, a continuación da data correspondente, a información relativa ás seguintes operacións:

a) Para cada tratamento praguicida realizado:

1.º Cultivo, colleita, local ou medio de transporte tratado.

2.º Praga, incluídas as malas herbas, motivo do tratamento.

3.º Produto utilizado, nome comercial e número de rexistro.

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

b) Para cada análise de praguicidas realizada:

- 1.º Cultivo ou colleita mostraxeados.
- 2.º Substancias activas detectadas.
- 3.º Número do boletín de análise e laboratorio que o realiza.

c) Para cada colleita ou cada partida de colleita comercializada:

- 1.º Produto vexetal.
- 2.º Cantidade deste expedida.
- 3.º Nome e enderezo do cliente ou receptor.

A información a que se refire a letra b) corresponde ás análises realizadas por propia vontade do agricultor, ou por exixencias do sistema de produción que practique, así como ás realizadas en controis efectuados sobre as súas colleitas que lle foron notificados polos servizos oficiais.

2. Considérase cumprido o requisito a que se refire o punto anterior en todos aqueles casos en que o agricultor manteña actualizado, para outros fins ou compromisos, un rexistro de datos da explotación en que consten, polo menos, os ditos datos.

3. O rexistro manterase á disposición da autoridade competente de cada comunidade autónoma durante un período mínimo de dous anos, contados a partir da finalización de cada campaña agrícola.

4. Este rexistro será exixido na realización dos controis oficiais para a verificación do cumprimento das disposicións en materia de utilización de produtos fitosanitarios, establecidas polo Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios e pola Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

Artigo 4. Documentación.

Os agricultores deberán manter á disposición da autoridade competente:

a) Os documentos que xustifiquen os asentos realizados no rexistro de datos da explotación, como facturas de adquisición de produtos fitosanitarios, contratos coas empresas de tratamentos, boletíns de análise, albarás ou facturas de venda e, en caso de non dispoñer do número de rexistro da explotación, o documento do número de identificación fiscal do titular da explotación.

b) Unha relación das parcelas que integran a explotación, identificadas mediante as súas respectivas referencias no Sistema de Información Xeográfica da Política Agrícola Común, SIXPAC.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Esta orde dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Esta disposición entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 9 de febreiro de 2007.–A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

3524 *ORDE EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados. («BOE» 44, do 20-2-2007.)*

A Orde do 23 de decembro de 1998, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados e se establecen as obrigacións de información como consecuencia da introdución do euro, supuxo en esencia un grande avance respecto á regulación do réxime de estimación da provisión de seguros de vida cando a entidade asignase investimentos a determinadas operacións de seguro, calculando esta aplicando un tipo de xuro estimado en función da taxa interna de rendibilidade dos referidos investimentos. Así mesmo, a citada orde serviu para desenvolver os requisitos exixibles para a utilización de instrumentos derivados con finalidade de cobertura de riscos.

Desde a súa entrada en vigor, o 1 de xaneiro de 1999, sucedéronse e véñense producindo cambios no contorno financeiro, dos produtos de seguros e regulatorio, que aconsellan a revisión das súas disposicións.

Esta orde ten por obxecto a adaptación, modificación e actualización do contido da Orde do 23 de decembro de 1998 á realidade dos mercados financeiros e ás necesidades actuais das entidades aseguradoras respecto ao marco da inmunización financeira e ao réxime dos seus investimentos. A diversidade de cambios e precisións que se introducen respecto ao texto da Orde do 23 de decembro de 1998 aconsellan a súa incorporación nunha nova orde que, ao tempo de recoller os cambios citados, reproduza aqueles preceptos que non sufriron modificación ningunha.

Neste contexto, derrógase a práctica totalidade da Orde do 23 de decembro de 1998, coa excepción do artigo 1, pasando o resto das súas disposicións e as correspondentes modificacións a integrar esta orde; derróganse tamén as disposicións subsistentes da Orde do 24 de xullo de 2001, pola que se aproban os modelos de información que subministrarán entidades aseguradoras; así como a Orde ECO/77/2002, do 10 de xaneiro, que modificou a Orde do 23 de decembro de 1998.

Con relación á inmunización financeira, ampliáanse as categorías de activos que poden ser utilizadas, aclárase o concepto de grupo homoxéneo de pólizas e o prazo para a verificación do cumprimento das hipóteses e requisitos que resulten exixibles, e introdúcese a posibilidade de estender o seu marco xurídico ás pólizas con prima periódica. Respecto á inmunización por casamento de fluxos, aclárase o réxime para estimar o tipo de xuro da provisión de seguros de vida cando se conte con activos asignados por un importe superior ao necesario para lles dar cumprimento aos requisitos. En canto á inmunización por duracións financeiras, delimitase o requisito da equivalencia das duracións financeiras corrixidas e sensibilidades dos activos e pasivos, así como a perturbación da curva de tipos que se realizará para a análise de sensibilidades.

Con relación ao réxime dos bens e dereitos en que poden investir as entidades aseguradoras, e en desenvolvemento do réxime xurídico contido no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, precísase a delimitación dos instrumentos derivados, os requisitos que lles resultan exixibles segundo teñan ou non a condición de negociados en mercados regulados